

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000031

Excmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, alcalde presidente en funcións, do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións o vindeiro **mércores, día 7 de agosto de 2024, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

URBANISMO

1. "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO C DE PARADAI" PROMOVIDO POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO DEVANDITO POLÍGONO. APROBACIÓN INICIAL.

2. MODELO XERAL DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DAS XUNTAS DE COMPENSACIÓN NO CONCELLO DE LUGO. ADAPTACIÓN Á LEI 2/2016, DE 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DO CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO TRAMITACIÓN ORDINARIA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2024-C003-000025.

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE GRAVAS E GRAVILLAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE ZAHORRA (LOTE 2). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. REF. 2024-C004-000018.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: ispac5853065529821379232.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-8-2024

5. CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE ANEXA Ó CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUSESPAZO> LAB-PARQUE DE BOMBEIROS. EXPTE REF 2024/C012/000001. DECLARACIÓN DE DESERTO.

FOMENTO

6. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DO CONCELLO DE LUGO SOBRE A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

BENESTAR SOCIAL

7. PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA APROBACIÓN DO PROXECTO DE REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández